

Informe sobre el estado del idioma galego en Asturias

**A lingua galega en Asturias:
úa batalla entre datos científicos e presiois extralingüísticas.**



Asociación prá normalización del galego de Asturias

1.Introdución

El galego á a lingua materna de máis de 40000 asturianos. El dominio lingüístico galaico en Asturias comprende el territorio situado entre os ríos Eo e Navia, nel extremo oeste da comunidá autónoma. El galego é úa das linguas de Asturias, xunto coel español (falado en todo el territorio) e el asturiano (falado en outras partes de Asturias).



Figura 1: Zona galegofalante en Asturias.

A singularidá del territorio Eo-Navia vén dada por úa serie de circunstancias históricas, sendo obxecto de disputa nas luitas de poder entre a diócese de Lugo e Oviedo. Si ben a finales del século XII estas terras quedaron incorporadas de forma definitiva al obispado ovetense, Lugo continuou exercendo úa notable influencia na práctica: despós de todo, el Eo-Navia pertencera en tempos dos romanos al *Conventus Lucensis*, dentro de úa provincia, a *Gallaecia*, cuxa fronteira hacia el este era precisamente el río Navia. A división romana obedecía a criterios étnicos, dado que dito río separaba os poblos galaicos dos astures “pésicos”. Este feito ancestral, combinado con recurrentes periodos de aislamiento, parece ter sido clave na conservación de úa lingua e úas tradicións que fain de Asturias un territorio especialmente diverso.

A estrutura deste informe é a seguinte: en primeiro lugar, ofrecemos un resumen da evidencia científica disponible asta el momento, incluíndo úa lista de propiedades distintivas del idioma galego que tán presentes nos dialectos del Eo-Navia (§2); en segundo lugar, examinamos os principales problemas de carácter extralingüístico que obstaculizan cualquier intento de dignificación e reconecemento institucional del gallego como lingua de Asturias. Pra elo, analizamos as consecuencias de 30 anos de política lingüística rexional, onde as opinións e os dogmas pesan máis que os datos (§3); por último, e tras ter considerado a situación tal e como se nos presenta hoxe en día, así como nun futuro próximo, presentamos úa serie de propostas e medidas de aplicación urxente (§4).

2.Os datos lingüísticos

A natureza galaicoportuguesa dos dialectos del Eo-Navia queda de manifesto en documentos que datan da primeira mitá del século XII en adelante, e que pertencen á colección del mosterio de Santa María, en Vilanova de Ozcos. É importante mencionar a relevancia filolóxica desos textos prás análises actuales del romance galegoportugués (a este respecto, ver Álvarez Castrillón 2011). Non obstante, nesta sección centrarémonos en propiedades de carácter

interno, tipolóxico, dentro do que ten sido a lingüística moderna, e por tanto situámonos xa nel século XX, tomando como punto de partida a obra de Menéndez Pidal, quen en 1906 afirma lo seguinte:

“En Asturias, el dialecto leonés no empieza sino al este del Navia; en la orilla izquierda del río se habla una variedad del gallego, y también en unos cuantos pueblos en la orilla derecha”.

(Menéndez Pidal 1906: 130)

Dita afirmación baséase en dúas propiedades distintivas del galego e que tán presentes en Eo-Navia: **1. Ausencia de diptongación das vocales semiabertas** *ě* (/ɛ/) y *õ* (/ɔ/), como en *corpo* (esp. *cuerpo*, ast. *cuerpu*); e **2. Pérdida del -n- intervocálico** en palabras como *lúa* (esp. e ast. *luna*).

A propiedade (1) é interesante tamén por outra razón, xa que nos recorda outro aspecto esencial: **3. El inventario fonolóxico** dos dialectos del Eo-Navia contén os **7 fonemas vocálicos** del galego, en oposición aos 5 que atopamos tanto en asturiano como en castellano.

Nos anos 50, Menéndez García identifica outras tres propiedades nos dialectos del Eo-Navia que son á vez “rasgos fundamentales del galego” (1951:278). Son as seguintes: **4. El uso de *eu* como pronome de primeira persoa en singular** (esp. e ast. *yo*); **5. A presenza da forma *che* como pronome dativo de segunda persoa en singular**, del latín *tibi* (esp. e ast. *te*); **6. A forma *che* como forma perfectiva de segunda persoa en singular**, del latín *-sti* (esp. e ast. *-ste*); **7. A existencia de contraccións pronominales del tipo *mo*, *cho*, e *llo***, que non se dan nin en castellano nin en asturiano: por exemplo, xa *cho* *deu* (esp. *ya te lo dio*, ast. *yá te lo dió*).

Otras dúas propiedades morfolóxicas distintivas del galego que non aparecen na obra de Menéndez García son: **8. El chamado “dativo de solidaridá” *che*** (singular) ou *vos* (plural), como en *sonvos as ocho e teño as pitas sin pechar*; **9. Forma de primeira persoa dos pretéritos perfectos da segunda e terceira conxugación**, en *-ín* (esp. e ast. *-í*).

Si botamos un vistazo al sistema verbal, encontramos máis propiedades exclusivas del dominio lingüístico galego que tán presentes en Eo-Navia, como por exemplo **10. A construción [dar + participio]**, que máis ou menos vén a significar “conseguir (fer algo)”. Condo el falante dice *salín tarde e case nun dou chegado* lo que quer comunicar é que casi non consegue chegar. Esta construción non existe nin en castellano nin en asturiano; **11. A construción [ter + participio]**, que necesariamente denota accois que ocorreron máis de úa vez, como en *eu teño parado muito na súa casa*; **12. El uso del pluscuamperfecto simple ou sintético**, herdado del latín *amaveram*, como en *Condo aquilo él xa anduvera por muitos sitios*, E que en castellano adopta a forma analítica de perfecto *había andado*¹. A Tabla 1 enumera as propiedades mencionadas.

¹ A gramática descriptiva da lingua asturiana recolle esta forma, pero non dá información sobre el orixen das fontes (é decir, aquel(os) que usa(n) este pluscuamperfecto); por tanto, non podemos descartar que doa fonte proveña del Eo-Navia ou de zonas limítrofes onde atopamos falas de transición. Ademais, cada vez que preguntamos por este tema e de maneira informal a asturianos de fóra del Eo-Navia, a resposta é unánime: non lles sona natural, e asóciánlo con Galicia.

Tabla 1: propiedades distintivas del galego presentes en Eo-Navia

Fonolóxicas
1. Inventario de 7 fonemas vocálicos
2. Ausencia de diptongación de vocales semiabertas
3. Pérdida de <i>-n-</i> intervocálico
Morfolóxicas
4. <i>Eu</i> como pronome de primeira persoa en singular
5. Forma <i>che</i> (<lat. <i>tibi</i>) como pronome dativo de segunda persoa en singular
6. Forma <i>che</i> (<lat. <i>-sti</i>) como forma perfectiva de segunda persoa en singular
7. Contraccións pronominales del tipo <i>mo, cho, e llo</i>
8. Dativo de solidaridá <i>che/vos</i>
9. Primeira persoa de pretérito en <i>-ín</i> .
Sintáctico-semánticas
10. Construción de verbo lixeiro <i>dar</i> + participio
11. Perfecto pluraccional <i>ter</i> + participio
12. Pluscuamperfecto simple ou sintético (<lat. <i>amaveram</i>)

É importante destacar que esta lista non es exhaustiva: hai outras moitas solucións fonéticas (como a evolución dos grupos PL-, KL-, FL- ou a vocalización del grupo -CT-) e morfosintácticas (por exemplo, el uso del Infinitivo conxugado) que poderían aumentar el número de propiedades del gallego presentes na lingua del Eo-Navia, e é perfectamente posible que se incorporen novos ítems en futuras investigacións. Neste sentido, será moi interesante ver qué ocorre cos fenómenos sintácticos, dada a escasa atención que recibiu a sintaxe na tradición dialectolóxica (Adger & Trousdale 2007). Cabe destacar, ademais, que a tabla non inclúe nin vocabulario nin fraseoloxía, por ser estas dúas áreas considerablemente mais susceptibles al cambio. Se a lingua fose úa cereixa, el sou vocabulario sería a pel, mentras que a morfosintaxe sería el sou óso.

3.As presiois extralingüísticas

Comenzamos fendo úa crucial observación: **os datos recollidos nel apartado 2 non foron contestados**. Durante os anos 80 desenvolveuse con gran vitalidá un movemento que buscaba reconocer os deretos lingüísticos dos galegofalantes en Asturias, tras case 40 anos de ditadura onde el galego se atopaba invisibilizado frente al español. Dito movemento foi iniciado e apoiado por intelectuales e outros membros da sociedade civil. Estos esforzos individuais e colectivos víronse recompensados coa publicación das primeiras *Normas ortográficas para el gallego de Asturias* (MdGa 1990), úa obra que nacía coel obxectivo de asegurar el futuro e dignidá del idioma dotándolo dun estándar escrito, e en cuxa elaboración participaron catedráticos e expertos lingüistas: Xosé Carlos Álvarez Blanco, Xoan Babarro González, Francisco Fernández Rei, Celso Martínez Fernández, Antonio Meilán García, e Antón Santamarina Fernández. Úas normas que respectaban a idiosincrasia del Eo-Navia al incorporar formas non recollidas nel estándar de Galicia, pero que á vez mantían no posible as convencións básicas da lingüística galega, a fin de respectar a súa filiación dentro del gallego -en xeneral- e dentro das características del bloque oriental -en particular-. A publicación foi subvencionada nel ano 1989 por a Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e por el Servicio de Política Lingüística de la Consejería de Educación, Cultura y Deportes de la Junta del Principado de Asturias.

Estas normas non fueron ben recibidas nos círculos de poder (tanto político como académico) asturianos. É complicado aventurar un porqué, pero el desencadeante deste rechazo podería ter varios oríxenes. En primeiro lugar, un certo prexuício respecto a estas falas galegas, cuxo legado histórico e filolóxico como parte integrante del tronco galaico-portugués resulta ser parte dun ámbito lingüístico considerablemente maior que el del dominio astur-leonés -tanto en extensión como en número de falantes-. En Asturias, por el contrario, preséntase el noso idioma como local, desconectado das súas raíces e reducido a un territorio con pouca poboación. En definitiva, preséntase como un mero accidente folklórico frente al asturiano, a “lengua del Principado” según lemos nel último informe proporcionado por as autoridades asturianas al Consello de Europa. Outra posibilié es a de que teamos delante dun prexuício aporofóbico que se liga al tópico que entendía lo galego como sinónimo de pobreza. Por último, existía nell momento da transición política post-franquista úa idea ou paradigma de úa Asturias de izquierdas, mineira, obreira e luitadora contra a ditadura, e úa visión de Galicia como úa sociedade máis afín al réximen ditatorial que se extinguía naquel momento político. Todos estos factores -ou algún delos- quizás expliquen el uso como insulto que se fai da palabra *gallego*.

Este sentimento de repudio a lo galego acentúase coel gran éxodo de galegofalantes hacia a Asturias central industrializada, un proceso en marcha desde a década dos 50, e que trae como consecuencia el desarraigo de muitas persoas que tein que adaptarse a úa realidade onde a súa lingua é menosprezada como un símbolo de terras pobres, ignorantes e deprimidas.

En resume, as circunstancias histórico-sociales de Asturias nel último século fixeron verdadeiramente difícil a supervivencia e dignificación da lingua propia de decenas de miles de asturianos; e úa vez que empezaban a sentar as bases de úa normalización de acordo a criterios científicos, filolóxicos, sólidos, na década dos 80 e asta principios dos 90, as autoridades asturianas deciden abandonar este camín e determinan que el galego en Asturias simplemente non existe. Desde entós, **toda acción institucional sobre el Eo-Navia parte de dita premisa.**

El primeiro golpe de efecto foi a creación dun grupo de traballo alternativo á norma propuesta por aqueles prestixiosos lingüistas: un grupo de mestres e falantes que se decían *antigaleguistas*, aos que se encomendou a tarefa de diseñar úas novas normas ortográficas baxo a coordinación del Servicio de Política lingüística. Estas normas viron a luz en 1993, sendo publicadas por a Dirección Regional de Educación de la Consejería de Educación, Cultura, Deportes y Juventud del Principado de Asturias. Curiosamente, nesta nova versión óptase por **soluciois propias del asturiano en detrimento daquelas que, en base a criterios filolóxicos, serían as soluciois lóxicas pra el galego** de Asturias: por exemplo, en vez de conservar el *-ll-* etimolóxico en palabras como *muller*, óptase por a grafía *-y-* propia del asturiano. Preténdese así alonxar al galego del Eo-Navia das súas raíces, pra que xa non poda reconocerse.

Respecto a esta ortografía alternativa de 1993, a Academia de la lengua asturiana (ALLA) acordou declarala “oficial” muitos anos despós, en reunión de outubro de 2006, rango del que carecen legalmente xa que el idioma tampouco lo é, pero a esta institución otorgóuselle a

competencia de custodia sobre a zona galegofalante de Asturias mediante reforma dos seus estatutos efectuada por Acuerdo del Consejo de Gobierno de 12 de abril de 1995. Esta reforma estatutaria fíxose sen respectar a xerarquía normativa xa que a institución creada por Real Decreto 33/1980 de 15 de diciembre tía us estatutos aprobados por Decreto 9/1981, de 6 de abril. Non se entende que mediante un acordo e non mediante un novo decreto se realice tal modificación. Pero en todo caso aquí temos el segundo golpe de efecto: a **atribución de poder de decisión** sobre cualquier aspecto relacionado coa lingua galega en Asturias **aá institución que vela por os intereses de outra lengua**. Desde un punto de vista lingüístico, este tipo de atribución é absolutamente inxustificado.

En cualquier caso, a ALLA podería ter cumprido con este inaudito encargo fendo gala da honorabilidad que se espera de úa institución de prestixio. Sen embargo, que fixo a Academia durante os últimos 30 anos? Esencialmente un **xenocidio lingüístico**: el ano 1993 foi el comenzo de **tres décadas de políticas lingüísticas criminales** encabezadas por a ALLA, coa connivencia del gobierno rexional.

Esta política de exterminio “amable” aséntasw nos seguintes pilares:

Por úa parte, a **adopción de novos términos pra referirse á lingua** falada nel Eo-Navia, en combinación con úa **campaña constante de descrédito** da palabra *gallego*. Mediante Ley 1/1998 de uso y promoción del bable desenvólvese el Estatuto de Autonomía reconócese por primeira vez a existencia de outro idioma distinto del bable al que se lle dá el nome legal de *gallego-asturiano*, término acuñado por el reputado filólogo Dámaso Alonso pra referirse a “el gallego hablado en Asturias” (1972: 391). En el Tomo I das súas *Obras Completas*, nel traballo “Testimonio del gallego”, Alonso afirma: “*Las más detenidas y repetidas han sido en zonas que llamo exterior, dialectos gallegos hablados fuera de los límites políticos de Galicia, a saber: en el Occidente de Asturias (gallego-asturiano); y en el Bierzo, provincia de León (berciano o gallego-leonés)*”. É decir, tanto el gallego-asturiano como el gallego-leonés son parte del idioma galego. Algo no que con toda seguridá non reparou Dámaso Alonso foi na posibilitá de interpretar el término como mestura de dúas linguas, debido á presencia del guión: fóra de contexto, gallego-asturiano non necesariamente se interpreta nel sentido que lle deu Alonso, onde “gallego” é lingua, e “asturiano” é xentilicio (neste caso, pertencente ou relativo a Asturias), senón que pode dar lugar a outra interpretación se entendemos “asturiano” como lingua, e entós quedamos con úa mestura entre dúas linguas, galego e asturiano. Os académicos asturianos eran plenamente conscientes delo: basta con citar traballos como el de García Arias (1997), onde se fala explícitamente de que as “hablas” del Eo-Navia son un *continuum*, ou el Atlas da chamada *transición* lingüística coordinado por a Universidad de Uvieu (2012). Óptase por el término gallego-asturiano, e non outros usados por el propio Alonso como *gallego exterior*, “el gallego que se habla en el exterior”, “el gallego de los Oscos”, e outras tantas referencias na súa obra onde nunca falta a palabra **gallego**. En definitiva, que podería motivar a elección deste glotónimo con guión, el cual fóra de contexto pode interpretarse erroneamente como úa mestura entre dúas linguas, en oposición al de simplemente *gallego* ou *gallego de Asturias*, si non úa descarada voluntá de confundir?

Nos últimos tiempos e a partir da proposta de reforma ea Ley Orgánica 7/1981, de 30 de

dicembre, del Estatuto de Autonomía para Asturias presentada por el partido de gobierno (PSOE) a finales del año 2021, el nome legal *gallego-asturiano* foi reemplazado por *eonaviego* tanto na administración como nos medios audiovisuales asturianos (RTPA), cambio que en teoría obedece a criterios xeográficos: el argumento básase en que son dialectos falados entre os ríos Eo e Navia, e por tanto ten sentido referirse a ellos conxuntamente como “eonaviego”. Sen embargo, se ese fose realmente el criterio a escala rexional, resulta incomprensible que se manteña el nome “asturiano” pra designar aos dialectos asturleonese, xa que xeográficamente non ocupan toda Asturias. Consideramos pouco probable que a ALLA unifique criterios neste sentido e lle dea un novo nome al asturiano. Por decilo de outro modo, non parece que a lóxica seña lo que guía este tipo de decisiois.

Como decíamos máis enriba, el constante goteo de nomes vén acompañado por un **inmisericorde descrédito da palabra gallego**, el cual maniféstase nel formato das encuestas dirixidas de maneira recurrente aos vecíos e vecías del Eo-Navia. Todas as Encuestas sociolingüísticas de Asturias foron dirixidas por el Catedrático de Ciencia Política e académico de número da ALLA, Francisco José Llera Ramo; desde a primeira realizada en 1991, pasando por a segunda levada a cabo en 2002 e chegando al *III estudio Sociolingüístico del Navia-Eo de 2021: la recuperación del eonaviego*. En diias enquisas, primeiro pídeselle al encuisado/a que indique en qué medida se sente asturiano/a, -El primeiro capítulo del estudio titúlase: *I. Identidad asturiana del Navia-Eo* -e seguidamente se lle pregunta cómo chamaría al dialecto/lingua que fala. -El segundo capítulo del mencionado estudio titúlase *II. La identidad lingüística del Navia-Eo*.- es decir, á **cuestión propiamente lingüística accédese a través dun xuício de identidad, coel fin de desdibuxar as fronteiras entre lingua e sentimentos de arraigo e/ou pertenencia**. En lugar de aceptar a realidade de úa Asturias diversa na que muitos cidadanos tein como lingua materna el galego, e normalizar este feito como algo valioso prá persoa e a comunidá, dado que forma parte da herencia inmaterial asturiana, as autoridades académicas e políticas rexionales alentan un escenario de conflito que condea á sociedad eonaviega a vivir en contradición: un estado de **esquizofrenia social** del que naide se fai responsable.

Otro pilar del exterminio amable é **a política de invisibilización del galego na esfera pública e institucional**. A Junta General é un exemplo evidente delo: un lugar que supostamente representa a todos os asturianos, onde sen embargo un sólo pode atopar información en dúas linguas: castellano e asturiano. A resposta das autoridades a este respectofoi nos seguintes términos: “bueno, ustedes no pretenderán que tengamos carteles en tres linguas”. É decir, en Asturias, dependendo de ónde nazas e cuál seña a túa lingua materna, vas ter máis ou menos deretos. Afensa dos chamados “deretos lingüísticos” cesa nel momento en que a persoa non é falante de asturiano. Esta invisibilización é patente tamén na web institucional del Principado (bilingüe exclusivamente en castellano e en asturiano) e que se plasma á hora de publicar normas nel Boletín Oficial del Principado de Asturias (BOPA), onde el galego de Asturias ta ausente, incluso nas resoluciois que al idioma se refiren. (Ver por exemplo Decretu 23/2022, de 22 de abril, por el que se crea e regula a Red de Normalización Lingüística).

A discriminación acentúase con **estratexias de colonización lingüística** a través das cuales

se introduce el asturiano de forma exclusiva **en lugares públicos del Eo-Navia**, como é el caso de algúns centros de atención primaria nos que a información aparece en castellano e asturiano, e nunca en galego. O mesmo podemos dicir da radio televisión asturiana (**RTPA**), onde el galego de Asturias nin ta, nin se lle espera, a diferenza dun crecente uso del asturiano: cada vez que se graba un programa en algún lugar del Eo-Navia, el presentador utiliza asturiano ou *amestáu* (úa mesturaa de asturiano e castellano) condo entrevista aos vecíos e vecías. Estos feitos non sólo reflexan un **descuido institucional e mediático por a cultura e la herencia lingüística de úa parte de Asturias**, senón que ademais reforan a hipótese dun **interés subxacente por fer del asturiano non úa senón a lingua de Asturias**.

Os concellos ou el Principado utilizan institucións instrumentales como é el caso da *Fundación Parque Histórico del Navia*, creada en 2006 como ferramenta de xestión turística coel fin (aparente) de incentivar a participación da sociedade civil e a posta en valor de recursos endóxenos... palabrería baxo a que se esconde úa política de confusión cultural, desvalorización del idioma, fomento del seu abandono e úa vontade evidente de terxiversar a historia: así, ocúltanse os documentos medievales en galego-portugués e **aplícase a norma “oficiosa” antigaleguista**, contribuíndo á forzada segregación lingüística del idioma galego en Asturias. Recentemente a Federación de Municipios de Asturias organiza cursos de eonaviego utilizando a citada normativa, non consensuada nin legalmente oficial, que é **imposta de forma que non poden recibir subvencions nin participar en concursos literarios aquelas persoas que non a acaten**.

Un último pilar del exterminio amable, fundamental na medida en que aglutina aos xa mencionados, é a **substitución**. A substitución preséntase como algo positivo e inclusivo, al admitirse que nel Eo-Navia a xente certamente fala úa lingua distinta; agora ben, que esa lingua seña galego, en palabras da Academia de la Llingua Asturiana, é úa crencia errónea e inxustificada (ALLA 2006: 11). Proponse entós que esa “fala eonaviega” brotou como un champiñón fóra del testo galaico-portugués, e rapidamente empezou a recibir influencia del asturiano, asta ser agora úa fala de mesturas (García Arias 1997). O máis curioso desta teoría é a ausencia de argumentos que a sustenten, e é que todo o que presentan neste sentido pode explicarse facilmente por el contexto de contacto entre galego e castellano na zona. Máis condo el galego del Eo-Navia ta fortemente castellanizado por a diglosia múltiple que padece.

Pese á completa falta de argumentos con un mínimo rigor científico, a política lingüística pra el Eo-Navia simplemente asume esta “premis del champiñón”: exemplo delo son as directrices adoptadas no que respecta á toponimia, onde se opta por solucións non naturais, asturianizadas, que violan as convencións de escritura prás vocales en galego, tratando de encaxar un inventario de 7 fonemas nun de 5 (ver §2). Así, atopamos nomes como *Bual* (por Boal) e *Cuaña* (por Coaña). En outros casos, mantense a antigua toponimia castellanizada independentemente de que os topónimos oficiales únicos señan outros. Así, observamos como l Administración sigue utilizando Serandinas, Jarrio u Ortiguera (por Serandías, Xarrio ou Ortigueira).

Otro exemplo cargado de importancia foi a recente declaración del presidente del Principado de Asturias na rede social X (antes Twitter), na que **sen pudor nin argumentos** afirma que

“entre el Navia e el Eo no se habla gallego. Se habla fala eonaviega”. Nótese a gravedá de úa situación na que el **máximo representante institucional** de Asturias non sólo acepta úa **premisa falsa**, senón que a promove publicamente desde úa posición de **poder**. Nel mesmo sentido, a actual Presidenta da Federación de Municipios Asturianos, (FACC) Cecilia Pérez, reivindica el glotónimo “eonaviego” nel diario máis leído de Asturias, *La Nueva España*, e comenta que “vivió momentos en que hablar en gallego-asturiano estaba mal visto” ou que “incluso nos llamaban gallegos por hacerlo”. Estas declaracións que transpiran prexucio, diglosia e uso da palabra *gallego* con carácter despectivo fíxoas nun acto nel que taba acompañada por Antón García, Director General de Acción Cultural y Normalización Llingüística. ([Lne. Noticia de fecha 19/11/23](#)). É habitual escuitar á Presidenta da FACC referirse al idioma como "esto que falamos aquí" / esto que hablamos aquí, ou utilizar a denominación “A Fala”/El Habla. Ambos usos implican úa infravaloración lingüística e supoim a non dignificación idiomática del galego como lingua propia de Asturias.

En conclusión, **os últimos 30 anos de política lingüística** en Asturias foron e continúan sendo **extremadamente dañinos prá comunidade asturiana galegofalante**. Hai evidencia sobrada de que el goberno rexional e a ALLA en ningún momento contribuíron á conservación e dignificación del galego de Asturias, senón que optaron por impulsar políticas de exterminio e substitución del mismo.

Ante el despotismo e a arbitrariedad impostos, femos un chamamento ás institucións europeas pra que tomen conciencia da situación de indefensión que sufren as persoas galegofalantes en Asturias, e solicitamos que se inicie úa investigación a partir dos feitos referidos neste informe. Concedores del **compromiso histórico da Unión Europa cos deretos das minorías**, reiteramos a nosa denuncia ante políticas que van en contra de **valores básicos** como a **non discriminación** por razón de lingua ou orixen.

Lanzamos también úa mensaxe de esperanza, pois frente al despotismo e a arbitrariedad impostos, os cidadanos e cidadanas del Eo-Navia tamos dispostos a defender o que consideramos xusto e correcto: **a forza da razón** contra a razón da forza.

4.Propostas de Axuntar

Axuntar é úa Asociación del Eo-Navia nacida pra normalizar e cuidar a lingua utilizada nese territorio: úa variedá dialectal da lingua galega -concretamente del Bloque Oriental, Área asturiana-, que comprende dezaeito concellos pertencentes administrativamente á Comunidá de Asturias e un concello de Lugo, Comunidá autónoma de Galicia (el concello de Negueira de Muñiz). As propostas de Axuntar prá nosa lingua son:

1. Creación de úa **Academia da Lingua Galega de Asturias** nel Eo-Navia específica e propia, independente e al mesmo nivel que a Academia de la Llingua Asturiana.

Consideramos que el ámbito de actuación de cualquier academia científica vén establecido por a materia que é obxecto de estudio e non por ningún límite administrativo. Así, el estudio da nosa lingua debe corresponder a úa nova academia con sede nel noso territorio, con un funcionamento científico e serio, con expertos na materia, que manteña relación e

colaboración coa Real Academia Galega, al igual que as Academias Hispanoamericanas de la Lengua a mantein coa Real Academia Española de la Lengua. É inadecuado que a institución académica que se ocupa del galego de Asturias seña a academia de outra lingua, a asturiana, un caso -cremos- único nel mundo. En Asturias mestúrase lo que son competencias administrativas sobre el galego de Asturias (que lle corresponden unicamente al goberno asturiano) con asesoramento científico, tarefa que debería ser realizada por a Real Academia Galega en coordinación cos órganos aquí propostos: a Academia da lingua galega de Asturias e el seminario de galego da Universidá de Uviéu. Nstas institucións tarían as persoas encargadas de asesorar, fixar a norma, elaborar gramáticas e dicionarios, realizar publicacións, etc.

2. Creación de un **Seminario de galego na Universidá ovetense** que actúe como órgano asesor.
3. Creación de **equipos de Normalización Lingüística**, con asesoramento de expertos en filoloxía galego-portuguesa e normalizadores lingüísticos con formación idónea que se instalen nos dezaioito concellos asturianos.
4. Incorporación de **expertos en galego** nel organismo oficial encargado de fixar a toponimia, a **Junta Asesora de la Toponimia** del Principado de Asturias.
5. Creación de un **Campus Universitario** nel territorio del Eo-Navia e úa **Escola Oficial de Idiomas** onde ofertar estudos de lingua galega e portuguesa. Ofertar tamén como **asignatura optativa na enseñanza Infantil, Primaria e Secundaria a asignatura de Lengua e literatura gallega**.
6. Oferta de **formación con posibilidade de ser homologable e que permita a superación dos exames del CELGA** (*sistema de certificación de lingua galega adaptado al Marco europeo común de referencia para as linguas*. El Principado quere crear un certificado pra el *galego-asturiano* ou *eonaviego* nos términos expostos anteriormente, coa norma “oficialista” de 1993, úa pretensión que, de cumprirse, faría imposible a súa homologación coel galego normativo, e por tanto coel CELGA. O que pretenden el Principado e a ALLA é, úa vez máis, despojar al galego de Asturias da súa identidade, alonxalo das súas raíces pra que morra aislado frente al asturiano, a única “lingua propia de Asturias” según a ALLA (2006).
7. Creación de un **itinerario académico reglado pra el galego de Asturias** na Universidá de Uviéu. Mentras que en dita universidá existen materias de lingua y literatura asturiana na Escuela de Magisterio (pra formación de mestres de enseñanza infantil e primaria) e na Facultad de Filología (pra formación de profesores de enseñanza secundaria e bachillerato), non existe ningúa materia universitaria de lingua galega. As autoridades asturianas queren introducir un grado ou postgrado universitario de Lengua y literatura en asturiano, pero ignoran a posibilidade de introducir a materia de Lengua e literatura galega, nin siquiera en algún grado como complemento formativo pra el futuro profesorado. Tampouco se ofrece el estudio de lingua galega en ningúa Escuela Oficial de Idiomas de Asturias. A ausencia de estudos reglados de galego e portugués na universidá de Uviéu resulta incomprendible, non sólo por ser Asturias -ou parte del sou territorio-, membro indiscutible del dominio lingüístico galego-portugués e da lusofonía, sinón tamén porque el Consello de Europa xa apuntou que el galego tía que tar incorporado en Asturias nel sou informe de 2019.

Non se pode continuar dando as costas a esta realidade cultural tan poderosa sen **incumprir os preceptos da Carta Europea de Linguas Regionales y Minorizadas**.

8. **Aplicación del Estatuto de Autonomía e da Carta Europea de Linguas Regionales y Minoritarias coa firma de Convenios coas Comunidades Autónomas de Galicia, Castilla-León e Extremadura** aos efectos de compartir recursos e fomentar a comunicación cultural de falantes del mesmo idioma de úa forma idéntica ou similar.
9. **Reciclaxe del Profesorado** actual establecendo prazos prá consecución dos niveles de formación axeitados sin cuxo requisito non poderían continuar impartindo formación. Deberán terse en conta os casos de profesores maiores de 45 anos pra darlles máis facilidades na obtención da titulación requerida.

Bibliografía

- Adger, David & Græme Trousdale. 2007. Variation in English syntax: theoretical implications. In *English Language and Linguistics* 11.2, 261-278. Cambridge University Press.
- Academia de la Llingua Asturiana. 2006. *Informe sobre la fala o gallego-asturianu: una perspeutiva histórica, social y llingüística*.
- Alonso, Dámaso. 1972. Del Occidente Peninsular. *Obras Completas*, Tomo I, 291-533. Madrid: Ed. Gredos
- Álvarez Castrillón, José A. 2011. *Colección diplomática del Monasterio de Santa María de Villanueva de Oscos (1193-1300)*. Oviedo: Real Instituto de Estudios Asturianos.
- García Arias, Xosé Ll. 1997. El continuum llingüístico ente'l gallego y l'asturianu. *Lletres asturianas: Boletín Oficial de l'Academia de la Llingua Asturiana* 62. 43-50.
- Vv. Aa. 1990 *Normas ortográficas e morfolóxicas del gallego de Asturias*. Mesa prá Defensa del Galego de Asturias. ISBN 84-404-7594-2.
- Menéndez García, Manuel. 1951. Algunos límites dialectales en el occidente de Asturias. *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, Año 5, n.14. 277-299.
- Menéndez Pidal, Ramón. 1906. El dialecto Leonés. *Revista de archivos, bibliotecas y museos*. Año X, febrero-marzo. Números 2 y 3.
- Vv. Aa. 2017. *Estudiu de la transición llingüística na zona Eo-Navia, Asturias* (ETLEN). Universidad de Oviedo.